



O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 10-01-2025
ata a día 15-01-2025
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

DECRETO

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Por acordo da Xunta de Goberno do 17.02.2023, apróbase a convocatoria e as bases específicas para a creación unha listaxe de emprego de Técnico/a normalización lingüística para prestar servizos de carácter temporal na Deputación de Lugo (BOP núm. 049, do 01.03.2023).

As bases xerais que rexen a convocatoria son as que establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade) publicadas no BOP núm. 079, do 06.04.2020 e corrección de erros BOP núm. 161, do 15.07.2020.

A proposta do Tribunal, considerando deixar deserto o proceso selectivo, publicouse na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade o 03.01.2025.

Á vista do sinalado proponse á presidencia que, de acordo co establecido nas bases xerais 10 e 11 que rexen esta convocatoria e, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 54 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, resolva:

1º.- Dar por rematado o procedemento selectivo para a creación dunha listaxe de emprego temporal de Técnico/a normalización lingüística, Grupo A – Subgrupo A1, para prestar servizos de carácter temporal na Deputación de Lugo.

2º.- Deixar deserto o dito procedemento selectivo.

3º.- Ordenar a publicación da presente resolución na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade.”

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

O PRESIDENTE,

P.D. Decreto de data 04-07-2023

O DEPUTADO PROVINCIAL,

O SECRETARIO,

Asdo: Pablo Rivera Capón

	IV7VY7DC3AZPZG7N6VERKVZPOM	Fecha y Hora	08/01/2025 14:17:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VY7DC3AZPZG7N6VERKVZPOM	Página	1/1

